



Prezado Rafael Domínguez Artime,

O meu nome é Anxos Sobriño Pérez e son a presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), unha asociación que ten entre os seus obxectivos defender os intereses xerais das traballadoras e dos traballadores de normalización lingüística de Galiza e da dignidade das condicións de traballo dos servizos lingüísticos.

Diríxome a vostede como voceiro do grupo municipal do Partido Popular no Concello de Pontevedra por mor dunha nova publicada o pasado venres no xornal dixital *Pontevedra Viva*, onde se recolle a denuncia do seu grupo municipal a causa de irregularidades na contratación de persoal no Concello de Pontevedra. Na novaponse o foco nunha traballadora concreta que non se nomea, pero que é facilmente recoñecible pois si se menciona o departamento unipersoal onde traballa: o Servizo de Normalización Lingüística.

Parécenos moi desafortunado que mediante esta denuncia se lancen acusacións contra un departamento e a súa responsable técnica, sobre todo cando parece ser que non é o único caso de contratación temporal nesa administración municipal, como tamén se indica na nova. Tamén expresan que non fan ningún reproche á persoa contratada polo traballo realizado, mais coas acusacións e personalización sementan dúbidas sobre a necesidade do servizo e as razóns polas que a súa técnica foi contratada, xa que a acusan de formar parte do Consello Local do BNG de Pontevedra e suxiren que supostamente tería un trato de favor no concello por esta razón. En definitiva, desprestixian o departamento e o traballo de normalización lingüística a través dun ataque á súa responsable técnica.

Non xustificamos as modalidades de contratación dos empregados públicos no Concello de Pontevedra. De feito, somos conscientes de que nesta e noutras administracións públicas, especialmente nas locais, a contratación temporal é un mal endémico que cómpre corrixir. Precisamente esta forma de contratación temporal afecta á maioría dos servizos de normalización lingüística (SNL) dos concellos galegos. Xusto por seren órganos normalmente unipersoais adoitan quedar en último lugar nos procesos de



consolidación de emprego, procesos que por diversos motivos son sempre menos áxiles do que nos gustaría. Desde a CTNL temos denunciado este problema e pedimos aos concellos que consoliden as prazas de técnicos/as de normalización lingüística, pois os SNL deben ser un servizo estrutural das administracións locais, xa que son os departamentos técnicos encargados de asesorar a institución no exercicio das súas competencias en normalización lingüística.

A última vez que tratamos este tema foi en setembro de 2018, logo de que a Dirección Xeral da Administración Local e a Secretaría Xeral de Política Lingüística [presentasen](#) o [Informe sobre a prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local en exercicio de competencia propia](#), un documento elaborado co obxectivo de aclarar calquera dúbida respecto da **competencia das administracións locais en materia de normalización lingüística**. A conclusión do informe é que **“tanto a Xunta de Galicia como as entidades locais de Galicia teñen atribuídas competencias en materia de normalización lingüística”**. [Naquel momento analizamos a situación dos servizos de normalización lingüística municipais](#) e denunciámos, entre outras cousas, a **escaseza deles nos concellos galegos** e a **inestabilidade laboral xeneralizada** dos existentes. Esta inestabilidade abrangue desde as situacións máis críticas, coma as dos servizos que funcionan uns meses ao ano grazas a subvencións da Xunta ou das deputacións, até departamentos estables no tempo, que desenvolven o seu labor de forma continuada, pero con contratacións interinas ou temporais durante anos.

Dous anos e medio despois, a situación dos servizos de normalización lingüística (SNL) non variou demasiado. Nos últimos anos só se consolidaron tres SNL: en Redondela, Abegondo e Rois. Por tanto, teñen prazas consolidadas (persoal funcionario ou laboral fixo) 13 concellos galegos: Vigo, Moaña, Redondela, A Estrada, A Cañiza, Santiago de Compostela, Ferrol, Melide, Fene, Culleredo, As Pontes de García Rodríguez, Abegondo e Rois. No lado contrario da balanza, 24 prazas na provincia da Coruña, dúas en Lugo, dúas en Ourense e tres en Pontevedra continúan sendo temporais despois de entre 10 e 20 anos de contratación, algunhas mesmo sen incluír nas respectivas relacións de postos de traballo, eiva que dificulta aínda máis a súa estabilización. Destas prazas, están anunciados en ofertas públicas de emprego —por tanto, agardamos a súa próxima



consolidación— postos en [Ponteareas](#), [Ames](#), [Narón](#), [Miño](#), [Carballo](#) (hoxe vacante), [Pontedeume](#) e [A Coruña](#); pero continua a ser un número escaso en relación coas prazas temporais existentes.

De acordo con esta análise, na CTNL non pensamos que unha contratación temporal durante 20 anos se poida considerar un privilexio para a persoa contratada, senón máis ben un caso de **inestabilidade laboral** evidente. Daquela, suxerir que a técnica de normalización lingüística do Concello de Pontevedra ten un trato de favor por este motivo é unha interpretación retorcida da realidade: a situación ideal deste e doutros moitos servizos de normalización lingüística sería que estivesen consolidados nas institucións e non nunha situación de precariedade laboral.

Alén diso, o Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra é un departamento recoñecido por planificar, deseñar e desenvolver excelentes programas de normalización lingüística, algúns deles premiados, coma o programa Apego ([Premio da Cultura de Galicia na modalidade de lingua en 2017](#)) ou o proxecto Youtubeiras e Youtubeiros ([Premio Mil Primaveras en 2019 como mellor proxecto innovador](#)). Outra calidade destacable deste servizo e da súa responsable técnica é a capacidade para traballar en colaboración con outros servizos na planificación, deseño e xestión conxunta de proxectos de normalización lingüística como o Club de Debate, Enreguéfate ou Falamos, ademais do traballo en programas que se desenvolven exclusivamente no municipio.

En conclusión, pedímoslles que desde a súa forza política non empreguen os departamentos técnicos de normalización lingüística como chibos expiatorios para a confrontación con outras forzas políticas. Respectamos a confrontación que poida haber entre diferentes ideoloxías e formas de xestión pública, pero debemos lembrar que **a defensa e a promoción do uso e do prestixio da nosa lingua propia é unha responsabilidade de todas as forzas políticas**, tanto das que gobernan como das que están na oposición. Polo tanto, non se debe considerar nin insinuar que contar cun servizo de normalización lingüística permanente sexa é un capricho partidista, senón unha necesidade para que a institución exerza as súas competencias con eficacia, da



ctnl
Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

Coordinadora de Traballadores/as de
Normalización da Lingua (CTNL)
CIF: G-15542897
Apdo. 170 Santiago de Compostela
Tfno.: 629 571 950
info@ctnl.gal / www.ctnl.gal

mesma maneira que as exerce noutras áreas con outros departamentos (urbanismo, servizos sociais, mocidade, cultura, deportes, igualdade...). Desprestixiar o departamento técnico que se encarga desta área de traballo nunha administración pública é unha forma de desprestixiar o propio labor de promoción da lingua, que é unha responsabilidade de todas e todos.

Reciba un saúdo,

Anxos Sobriño, presidenta da CTNL

Pontevedra, 23 de febreiro de 2021